



# 5º e 6º de Primaria

# Día das letras galegas 2015

**GRUPO DE TRABALLO «LITERATURA E FILGUEIRA VALVERDE NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS»**

Ares García, Lorena  
Barca Gómez, Marta  
Cernadas García, Ana M<sup>a</sup>  
Dominguez Pérez, Luísa  
Facal Traba, M<sup>a</sup> del Carmen  
Gutián Valeiro, Francisco  
Herrero Mayor, Armando Xosé  
Pedrosa Moreno, Julio  
Santiso Andrade, Paz  
Suárez Hermida, Mario Ramón

**GRUPO DE TRABALLO «FILGUEIRA VALVERDE NA REDE. LETRAS GALEGAS, 2015»**

Aguilar Amigo, M<sup>a</sup> Luísa  
Barca Gómez, María  
Guimarey Cedeira, Eva Raquel  
Hortas González, Isabel  
López Gabín, Raquel  
Ojea Montes, María Pilar  
Picado Rodríguez, José Antonio  
Rodríguez Rodríguez, Carlos  
Romero Olveira, Fátima  
Vázquez Lorenzo, M<sup>a</sup> Belén

**COLEXIOS PARTICIPANTES**

CEIP A.D.R .Castelao, de Ordes  
CEIP Anxo da Garda, da Coruña  
CEIP Eduardo Pondal, de Ponteceso  
CEIP Eusebio da Guarda, da Coruña  
CEIP Galán, de Oseiro-Arteixo  
CEIP Luís Seoane, de Mera-Oleiros  
CEIP María Pita, da Coruña  
CEIP Milladoiro, de Malpica  
CEIP Montel Touzet, da Coruña  
CEIP Pardo Bazán, da Coruña  
CEIP Sal Lence, da Coruña  
CEIP W. F. Flórez, de Cambre  
CPI Plurilingüe O Cruce, de Cerceda

**ASESORÍA PEDAGÓXICA**

Alberto Huerga Carnicero  
José María Varela Martínez

**MAQUETACIÓN E DESEÑO GRÁFICO**

Manuel Paz Anido ([www.edugaliza.org](http://www.edugaliza.org))

**AGRADECIMENTOS**

Á Real Academia Galega, á Fundación Filgueira Valverde, á familia de Xosé Filgueira Valverde, a Carlos Gallego Domínguez e a María Bao Fente pola súa colaboración, paciencia e xenerosidade.



**EDITA**

Seminario Permanente de Formación do Profesorado do  
CEIP Galán, Oseiro-Arteixo (A Coruña)  
[www.seminariogalan.org](http://www.seminariogalan.org)



Xosé Fernando Filgueira Valverde, fillo da granadina Araceli Valverde e do médico galego José María Filgueira, naceu en Pontevedra o 28 de outubro de 1906 e faleceu, case aos 90 anos, o 13 de setembro de 1996.

En Pontevedra realiza os seus estudos primarios e de bacharelato, trasladándose posteriormente á Universidade de Santiago para seguir os estudos de Dereito, que remata co Premio Extraordinario. Nesta mesma época realiza estudos de Filosofía e Letras en Santiago e Zaragoza, cos que acada a titulación de doutor en Historia.



Xosé Fernando Filgueira Valverde

Traballou como profesor no Instituto de Pontevedra e levando durante moitos anos a súa dirección. Nos últimos tempos da ditadura franquista exerceu de alcalde da súa cidade natal durante nove anos.



Tivo unha actividade cultural moi importante: fundou o Seminario de Estudos Galegos, dirixiu o Instituto Padre Sarmiento e o Museo de Pontevedra, presidiu o Consello da Cultura Galega, foi membro da Real Academia Galega, historiador, arqueólogo e escritor.

Este ano 2015 adícaselle o Día das Letras Galegas polo seu labor a prol da cultura e o idioma galego.



Museo de Pontevedra do que Filgueira Valverde foi cofundador no ano 1927.

# XOSÉ FILGUEIRA EN SEIS FRASES

1. Fai unha presentación de Filgueira Valverde que conteña, alomenos, seis datos relevantes da súa biografía.

## FILGUEIRA VALVERDE, EN OITO DATOS

1.-

2.-



3.-

4.-

5.-


6.-

7.-

8.-

# A SOPA DE XOSÉ F. FILGUEIRA VALVERDE

2.- Localiza na sopa de letras as respostas axeitadas e escribíbeas.





- Cidade na que naceu Filgueira Valverde: .
- O seu pai era: .
- Realizou estudos de Dereito en: .
- Acadou o Doutorado en : .
- Traballou no instituto de Pontevedra como   
e tamén de .
- Durante a ditadura foi  en Pontevedra.
- Ademais de historiador e escritor, tamén foi .

# UN CREBACABEZAS

3.- Compón este crebacabezas da cidade de Zaragoza. Colorea.




**ZARAGOZA**



# O ENCRUCILLADO

4.- Resolve este encrucillado.



## HORIZONTAIS

- 1.- Provincia na que naceu a nai de Filgueira Valverde.
- 2.- Profesión do pai de Xosé Fernando.
- 3.- Segundo apelido de Xosé Filgueira.
- 4.- Universidade galega na que estudou.
- 5.- Universidade aragonesa na que estudou.
- 6.- Profesión de Filgueira.
- 7.- Cargo político que desempeñou durante nove anos en Pontevedra.
- 8.- Estudos que realizou na Universidade de Zaragoza.
- 9.- Cidade na que cofundou un museo no ano 1927.


1.- GRANADA 2.- MÉDICO 3.- VALVERDE 4.- SANTIAGO 5.- ZARAGOZA  
6.- PROFESOR 7.- ALCALDE 8.- HISTORIADOR 9.- PONTEVEDRA

Entre o pazo de Briáns e o de Brandobre, os Temes e os Mariños ergueran unha fonte, no adral da igrexa. Aquela fonte gurgullaba sempre, como a xenreira que se tiñan os Mariños e os Temes. As augas de Briáns non podían vir polos eidos de Brandobre, os bois de Brandobre non pasaban polas agras de Briáns. Os de Briáns e os de Brandobre xamais terían amizade.

Eu xogaba, senlleiro, no pazo de Brandobre; outro neno xogaba, senlleiro, no pazo de Briáns. Moitas veces, deitada a testa no peitoril das fronteiras solainas, fitámonos, longamente, degoirando axuntar os nosos xogos, como se mesturaban, saídas dos tornos, as augas cantareiras que, diante nós, brincaban. Mais... a fonte estaba alí, e un Temes non xogaríase cun Mariño sen aminguar as loitas da súa alcuña.

Tanto foi o anxeio que tivemos, de nenos, por arreluármonos que, chegados á idade, queimamos, no mesmo intre os pergameos apodrecidos das vellas contendas e xogamos xuntos.

Perdín eu. Dende entón, a auga de Briáns buliu nos agros de Brandobre, e os bois de Brandobre pousaron no seu andar nos veiros de Briáns, cun xeito de paz, solemne e alteiroso.



*Xosé Filgueira Valverde*



## COMPRENDICHES O TEXTO?

5.- Cales son os nomes dos pazos?


6.- Como se chamaban as dúas familias enemistadas?

7.- Quen ergueu unha fonte?

8.- Por onde non ían as augas de Briáns?

9.- Por onde non pasaban os bois de Brandobre?

10.- Como remata o conto?



# OLLO, OLLO, MOITO OLLO!

11.- Investiga e atoparás o que buscas. Imos formar unha oración seguindo as instrucións.


- 1.- 4ª liña. Despois do punto, o artigo determinado feminino e o nome que o acompaña.
- 2.- 5º renglón do 2º parágrafo. O 1º adxectivo.
- 3.- 2º renglón. Contracción de + a.
- 4.- 2º renglón. 4ª palabra.
- 5.- 2º parágrafo. 5º renglón. Substantivo masculino.
- 6.- A palabra que está repartida entre o 6º e o 7º renglón. .
- 7.- 4ª liña. Contracción por+o.
- 8.- 4º parágrafo. 1ª liña. Sinónimo de campos.
- 9.- Último renglón. Contracción de+o.
- 10.- 2º parágrafo. 1ª liña. Nome propio.

1 2 3

4 5 6

7 8 9

10




AS AUGAS CANTAREIRAS DA FONTE BRINCABAN POLOS AGROS DE BRANDOBRE.

# MELLOR BEN ACOMPAÑADO

12.- Nos xogos é importante ter un bo compañeiro. Clasifica os seguintes segundo sexan individuais, por parellas ou por equipos.

**O PANO    BILLARDA    A CHAVE    O BRILÉ    TIRO DE CORDA    O ARO**  
**XADREZ    OS ZANCOS    O ESCONDITE    CARREIRA DE SACOS    O PULSO**  
**AS CATRO EN RAIA    O ENFORCADO    A MARIOLA    AS CHAPAS    O PEÓN**

INDIVIDUAL	PARELLAS	EQUIPOS



# A FICHA

13. Elixo un compañeiro e completa esta ficha.


<b>NOME</b>	_____
<b>RASGOS FÍSICOS</b>	_____ _____
<b>CARÁCTER</b>	_____
<b>GUSTOS</b>	_____
<b>AFECCIÓNS</b>	_____
<b>«DESGUSTOS»</b>	_____

<b>CARICATURA</b>
-------------------



# AS CONSTRUCIÓNS

14.- Fai o debuxo de cada unha destas construcións tipicamente galegas.



Andaba a pastar vacas nos cobos das Xunqueiras. O choio non rendía e tivo que entrar de peón na fábrica. De peón pasou a torneiro, e de torneiro a mecánico, e agora é capitán dunha máquina enorme que vale moitos millóns e mesmo semella que ten alma.

Chámalle «Marela!» e fálalle como falaba ás vacas que baixaba ao río.

E cando encomenza a súa «xornada laboral», porque agora é un produtor sindicado, pódese escoitar como lle di, ollándolle ben fixo aos controis:

-Marela! A ver como te portas hoxe...

*Xosé Filgueira Valverde*



# E TI DE QUEN VÉS SENDO?

15.- Que ou quen é Marela?

16.- Que andaba a facer?

17.- Onde levaba ás vacas?


18.- De que entrou a traballar?

19.- Que semella que ten a máquina?

20.- Como se chama a máquina?


21.- Que cargo ten agora?

22.- Escribe en orde o progreso dun peón.



# ENCrucILLADO... MARELO

23.- As cousas agora son case todas feitas nunha fábrica pero hai oficios que aínda sobreviven. Resolve o encrucillado e atopa diferentes oficios artesáns.



- 1.- Persoa que fai zocos ou zocas.
- 2.- Persoa que traballa co vimbio.
- 3.- Quen labra as pedras para a construción.
- 4.- Traballa co barro.
- 5.- A que traballa co torno.

1.- ZOQUEIRO 2.- CESTEIRO 3.- CANTEIRO 4.- OLEIRO 5.- TORNEIRA



## ONDE VAN OS RÍOS?

24.- Localiza nesta sopa de letras o nome dos ríos galegos que aparecen no recadro.

**MIÑO SIL TAMBRE ULLA EO XALLAS LÉREZ LOR ARNOIA LAGARES MERO  
CABE NAVIA EUME LADRA LIMIA TÁMEGA BIBEI MANDEO ANLIÓNS**



# QUE, QUE, QUE...?

25.- Une as siglas de cada sindicato ou partido político co seu significado.

**CCOO**

**CIG**

**UXT**

**ANPE**

**PP**

**BNG**

**PSOE**

**AGE**

**ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDAS**

**PARTIDO POPULAR**

**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**COMISIÓNS OBREIRAS**

**UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES**

**PARTIDO SOCIALISTA OBREIRO ESPAÑOL**

**ASOCIACIÓN NACIONAL DO PROFESORADO  
ESTATAL**

**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**




Fora o meu amor de neno. Un amoriño devanceiro, imposible, alonxado un día na borralla dos anos. Fora o nidio querer que agroma denantes que a ventanía da vida traía deica nós tanta feitura, tanto engado, tanto degoiro... para que os chamemos con nome de amores.

Foise. E eu funlle fiel. A miña testemuña sería ben estraña: -Non hei chamar co nome dela a ningunha rapaza que o leve.

E dende entón, ás que o levaban: Escoita!, Ti!, Oe!, Nena! Cantos xeitos de alcumalas, para non dicilo.

Coidaredes que o rompín por un novo namoro, un namoro na súa sazón. Nin por penso. Foi tamén de neno. Cunha amiguíña. Aquela cativa que tiña unha bicicleta. Fun pedirlle que ma emprestase. E chameina por aquel nome, que era tamén o nome dela. E digo unha «amiguíña» e non escribo aquí como se chamou aquel meu primeiro amor, por gardar sequera neste intre o voto que, por tan pouca cousa, quebrei entón.



*Xosé Filgueira Valverde*

## AMORIÑOS COLLÍN...

26.- Como fora o amoriño?

27.- Que pasou co seu amoriño?

28.- Que decidiu facer o rapaz?

29.- Por que rompeu o voto?

30.- Foi por un novo amor?


31.- Que nome podería ter a rapaza da que se namorou ao principio o protagonista?

32.- Como cres que se chamaría a rapaza da bicicleta?



# ENCrucILLADO

33.- Resolva este encrucillado.



## HORIZONTAIS

- 1.- Persoa que ten coñecemento dun feito.
- 2.- Comida para atraer animais. Cebo.
- 3.- Estado conveniente das terras para sementar.
- 4.- Mal nome que se lle pon a unha persoa.
- 5.- Ansiedade, impaciencia.
- 6.- Claro, limpo.
- 7.- Cinza, residuo que queda despois dunha combustión.
- 8.- Bota os gromos a planta.

1.-TESTEMUÑA 2.-ENGADO 3.-SAZÓN 4.-ALCUME  
5.-DEGOIRO 6.-NIDIO 7.-BORRALLA 8.-AGROMA